

BERNARDINO GRAÑA

# Larpancia saborosa do lobo e a raposa

Na quinta edición do Premio Estornela de teatro para nenos e nenas, correspondente a 2008, e que patrocina esta Fundación, foi premiada a obra *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, farsa de monifates da que resultou ser autor o coñecido poeta e narrador Bernardino Graña.

Recibíronse 13 orixinais e o xurado, integrado por Valentín García, Xoán Fernández, Xosé Neira Vilas e Luís Reimóndez, que actuou como secretario, acordou por unanimidade que esta era a peza merecente do premio.

Trátase dunha fábula en verso para ser representada por monicreques ou actores. Exemplifica, de xeito humorístico, o mundo dos contrastes do reino animal fronte ao dos humanos, a inxenuidade fronte á ambición e a codicia. Todo nun marco natural campestre, na procura dun ambiente bucólico no que a linguaxe xoga un papel moi importante á hora de recrear expresións e léxico propio do galego máis patrimonial.

O autor, licenciado en Filoloxía Románica, exerceu como profesor de Literatura Española en institutos de Galicia e de fóra. Integrou o grupo Brais Pinto, de Madrid, e ten unha obra poética amplamente recoñecida. Nos últimos anos vén publicando poemas, narracións e teatro para os cativos. Unha nova dimensión no facer literario de Bernardino Graña a quen debemos agradecer que se teña achegado, con innegable acerto, á literatura infantil.

## O Autor:

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932), poeta, dramaturgo, narrador, xestor cultural e catedrático de lingua e literatura, formou parte desde ben mozo do consello de redacción da revista poética *Alba*. En 1958 participou na creación do grupo Brais Pinto en Madrid e foi impulsor e primeiro presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG). Desde xuño de 2010 é membro da Real Academia Galega. Autor dunha ampla obra, con *Larpancia saborosa do Lobo e a Raposa* obtivo o V premio Estornela de Teatro para nenos que convoca a Fundación Xosé Neira Vilas.



## PREMIO ESTORNELA DE TEATRO DA FUNDACIÓN NEIRA VILAS

**ISBN** 978-84-92644-29-2

**Nº PAXINAS** 56

**PVP** 10

**PEDIDOS** comercial@edicionsembora.es  
pedimento@coegal.com

**COLECCION** Tren das Cores

## OUTROS TITULOS DA COLECCIÓN

A Festa das Neves  
Ra, ra, ra